



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000032

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 539 de data 27 de setembro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais, a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 21.09.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 21.09.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Licenza de obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

“Expte: 64/2023. Tedec: 2023/U022/000002

.- Expte. de obras 64/2023.- [REDACTED] Para as obras de **construción de vivenda unifamiliar aillada** situada na **Avda. de Ferrol, 160**, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A021003000000HU)

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico e de execución de vivenda unifamiliar aillada redatado polos arquitectos Pedro Garat Caramé e Antonio García-Lastra Núñez, achegado o 23/03/2023 e visado o 23/03/2023.
- A documentación anterior foi parcialmente substituída e complementada pola achegada o 13/06/2023 e visada o 31/05/2023, e consiste en memoria descritiva, memoria

urbanística e planos UR01, US02, US03, US04, e US05, redactada polos mesmos arquitectos

- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Pedro Garat Caramé e Antonio García-Lastra Núñez, visado polo correspondente colexio o 23/03/2023 e achegado o 23/03/2023; Oficio de Dirección de Execución da obra de arquitecto técnico a nome de Rosa María Carballo Castro, visado polo correspondente colexio o 06/06/2023 e achegado o 06/06/2023, e Oficio de nomeamento de Coordinador de Seguridade e saúde a nome de Fernando Rodríguez Antelo, visado polo correspondente colexio o 06/06/2023 e achegado o 06/06/2023..

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20/09/2023 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 25/09/2023 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada** situada na **Avda. de Ferrol, 160**, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A021003000000HU).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Pedro Garat Caramé e Antonio García-Lastra Núñez e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 20 de setembro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1.108,71 €, ICIO.- 5.100,06 €.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000002).

B.- Licenza de obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

“Expte: 199/2023. Tedec: 2023/U022/000010

.- Expte. de obras 199/2023.- [REDACTED] - Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada (inclúe peches de parcela), nunha parcela situada no lugar de Figeredo s/n (referencia catastral nº. 15088A046015780000HD).

- Proxecto Básico e de execución de vivenda unifamiliar aillada redatado polos arquitectos **Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Tuñez**, visado o 07/07/2023 e achegado o 07/07/2023.
- Anexo de subsanación de deficiencias de Proxecto básico e de execución para construción de vivenda unifamiliar, redactado polos mesmos arquitectos, visado o 06/09/2023 e achegado o 06/09/2023.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Tuñez, achegado o 07/07/2023 e Oficio de Dirección de Execución da obra de arquitecto técnico a nome de José Castor Campos Rodríguez, visado polo correspondente colexio o 06/09/2023 e achegado o 06/09/2023

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 26/09/2023 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 26/09/2023 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada (inclúe peches de parcela), nunha parcela situada no lugar de Figeredo s/n (referencia catastral nº. 15088A046015780000HD).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos **Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Tuñez** e as condicións sinaladas

no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 26 de setembro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 943,05 €, ICIO.- 4.338,02 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000010).

3º.- EXPEDIENTE DE OBRAS: “REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE ACCESO A OUTEIRO”, AGADER.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“Expte.: 2023/C003/000002

Obra: Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro

Aprobado o expediente de contratación de: “Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro” incluído no Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023- 2024, a executar ao abeiro do Plan de AGADER, no Concello de Valdoviño, dentro das axudas que concede a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a mellora dos servizos básicos das zonas rurais, co fin de mellorar as condicións de seguridade, accesibilidade e cohesión rural entre núcleos.

Consta a documentación técnica do arquitecto técnico José Manuel Saavedra Pantín 978 COATIE AC; cun importe total de 67.611,85 € (IVE incluído); IVE 11.734,29 euros; prezo sen IVE (55.877,56 €).

Licitación: procedemento aberto cun único criterio de adjudicación, factor prezo, tamitación urxente.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas ofertas, en sesión de data 18 de setembro de 2023 a Mesa de contratación aperturou e examinou a documentación do sobre A séndolle requirida subsanación de documentación administrativa no prazo máximo de tres días naturais.

En sesión de data 21 de setembro de 2023 revisada a documentación presentada polo licitador José No Mantiñán e Hijos Construcciones S. A. a Mesa de Contratación acorda admitir ao licitador José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. ao comprobarse que realizau a subsanación requirida de xeito correcto e no prazo indicado.

En data 25 de setembro de 2023 a mesa de contratación celebra sesión para apertura da oferta económica contida no sobre "C". A empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A." axústase ao anexo II e fai constar :

"4º. Precio:

Ofrece el siguiente precio (datos solo en número, no en letra):

- A) Precio sin IVA: 55.877,56 euros
- B) Impuesto sobre el Valor Añadido (IVA): Porcentaje: 21 % Importe 11.734,29 euros
- C) TOTAL (A+B): 67.611,85 EUROS"

Comprobado co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación a non existencia de baixa temeraria na oferta.

A MESA PROPÓN ao Órgano de Contratación, a adjudicación do contrato Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro á empresa NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. motivada a proposta en que foi a única entidade licitadora e en que a súa oferta non está incurso en causa de anormalidade ao coincidir co tipo de licitación."

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. presenta unha oferta que non incorre na baixa temeraria cun importe:

- A) Prezo sen IVE: 55.877,56 euros
- B) Impuesto sobre o Valor Engadido (IVA): Porcentaxe: 21 % Importe 11.734,29 euros
- C) TOTAL (A+B): 67.611,85 EUROS

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dnde o seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adjudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, incluída a garantía definitiva (5 % do importe de adjudicación, excluído o IVE: 2.793,88 euros) aos efectos de poder serlle adjudicada a obra Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)"

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000002).

4º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON DAVID DIAZ RAMIREZ.-

Proposta de Alcaldía

“Expte. 2023/R002/000008

Vista a instancia de don David Díaz Ramírez, formulada en data 26 de setembro de 2023, rexistro xeral de entrada núm. 20230000002900 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don DAVID DIAZ RAMIREZ cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron ao interesado como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O MARXE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/R002//000008).

5º.- APROBACIÓN CONTINUIDADE DO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS” 2023/2024.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTINUACIÓN DO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS 2023/24”

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de dar continuidade ao servizo “Concilia Tempos Mañás” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o curso escolar 2023/24 e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A CONTINUACIÓN DO SERVIZO CONCILIA TEMPOS MAÑÁS” (2023-2024)

1. OBXECTIVO

Ofrecer o servizo de conciliación nas escolas para a primeira hora da mañá a través do Programa Concilia Tempos á vista da necesidade e demanda das familias, mediante a xestión externa dunha entidade especializada na atención socioeducativa á infancia.

2. ANTECEDENTES

Nos anos anteriores desenvolveuse o programa Concilia Tempos Mañás, para cubrir a necesidade das familias de conciliar a vida laboral e familiar a primeira hora da mañá.

Inicialmente, impulsouse no CPI Atios, se ben nos últimos anos púxose en marcha tamén en dúas das escolas do CRA O Esquí (Taraza e Lago).

A contratación do curso pasado realizouse na modalidade de contrato menor coa xestión externa de Picariños Animación S.L.

3. CONTEXTUALIZACIÓN

Debido á demanda existente, e coñecendo o número de inscricións realizadas no prazo aberto en xuño e nos primeiros días de setembro rexistra a seguinte ocupación de prazas:

CPI Atios	25 prazas	24 solicitudes
CRA Esquí (escola Taraza)	10 prazas	6 solicitudes
CRA Esquí (escola Lago)	10 prazas	6 solicitudes

Debido a que aínda existen prazas libres, permanecerá aberta a opción de participar durante todo o curso, sendo habitual que haxa movementos de altas e baixas durante o curso escolar.

O horario do servizo será entre as 7:30 no caso de Atios e desde as 8:00 horas no caso das escolas do C.R.A.

A ratio máxima que se propón é de 12-13 nenas/nenos por persoa monitora. En función da demanda inicial, a contratación inicial será de 2 persoas monitoras para CPI Atios e unha para cada escola do C.R.A.

A pesares de que se solicita a aprobación da continuidade do servizo para todo o curso escolar, o obxectivo é licitar a contratación cando sexa posible ao estar os pregos administrativos en proceso de elaboración.

4. ORZAMENTO E CRÉDITO

Para valorar a continuación solicítase orzamento á empresa que viña desenvolvendo o servizo, por un importe mensual de 2002 euros (máis 10% IVE).

5. PREZOS PÚBLICOS

Atendendo ao texto da Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos educativos, culturais e deportivos:

“* Outras escolas ou actividades formativas e servizos culturais. Os custos ateranse, de acordo co preceptuado pola lei, á cobertura dos gastos de organización”

Séguese co prezo mensual de 30 euros ao mes e 20 euros medio mes, por neno ou nena. Ambos supostos contan cun 20% de desconto para irmás.

Este prezo non permite cubrir na súa totalidade os gastos do servizo aos que fai referencia a ordenanza. Sen embargo, acolléndose ao texto do TRLFL (“Texto refundido da Lei de Facendas Locais”), no seu artigo 44, referente á contía:

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se e houbera.”.

En relación ao punto 2, dende o departamento de Servizos Sociais faise o axuste necesario segundo as características da poboación destinataria e os parámetros habituais do custo das actividades, establecendo a cantidade de 30 euros/mes e 20 euros/medio mes por neno ou nena participante, cun desconto do 20% para irmás.

6. VALORACION DE PROPOSTAS

Considerando que a empresa que viña desenvolvendo o servizo no curso anterior foi Picariños Animación S.L. propónse a continuación coa mesma entidade.

A proposta económica da actividade que presenta é a seguinte:

Horarios e persoal:

Atios: 7:30h- 9:30h - 1 persoa monitora de 7:30h a 9:30h - 1 persoa monitora de 8:00h a 9:30h

Taraza e Lago: 8:00h- 9:30h - 1 persoa en cada centro de 8:00h a 9:30h

Coste mensual persoal e coordinación do servizo: 1.772 €

Coste mensual alimentación e materiais didácticos: 230,00 €

Por todo o exposto, ante a necesidade de dar continuidade ao servizo procédese a desenvolver Concilia Tempos Mañás para o curso 2023-2024 con Picariños Animación S.L., por un importe mensual de 2002 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolva a licitación.

Valdoviño, 22 de setembro de 2023

*Iria García Martínez
Educadora Social (colex.3545)*

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar a continuación do servizo Concilia Tempos Mañás para o curso 2023-2024 coa xestión de Picariños Animación S.L., por un importe mensual de 2002 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolva a licitación do dito servizo.

Alberto González Fernández
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/S011//000001).

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Á vista de que están preparados dous asuntos, que sería convinte axilizar a súa tramitación, o sr. alcalde presenta os mesmos vía urxenza:

.- Aprobación de gastos: Relación de facturas nº F/2023/33.

.- Expediente resolución contrato: “Proxecto básico e de execución de obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño”-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda ratificar a urxencia e a inclusión nesta sesión (Fóra da Orde do Día) dos asuntos anteditos:

.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/33.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/33.

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/33 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 7 facturas ascende á cantidade de NOVENTA E SETE MIL CENTO TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (97.132,81 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/33 por importe bruto de 97.132,81 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000130).

.- EXPEDIENTE RESOLUCIÓN CONTRATO: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO”-

Expte. 2021/C003/000006 (expte contratación obra)

Expte. Resolución contrato: 2023/C008/000003

En data 9 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou incoar o procedemento de resolución do contrato de obras: “Proxecto básico e de execución de obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño” coa empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A., o cal formalizouse en data 28.10.2021 por un prezo de 247.319,70 €.

O 10.2.2022 a Xunta de Goberno Local concedeu unha prórroga solicitada pola contratista, referindo no seu acordo que “O acta de reformulo foi celebrada en data 12.11.2021 e a duración da obra de 77 días, a cal finalizou o 28.1.2022. A nova data de remate da obra é

o 28 de maio de 2022”.

O 26.5.2022 a contratista solicitou unha revisión excepcional do prezo do contrato e xustifica a revisión solicitada no *“incremento previsto del coste de las materias primas y correlativamente un sobre coste de los materiales de construcción en España”*.

O 31.5.2022 o director das obras emitiu un informe no que se indica que *“A día de la fecha, las obras no se han iniciado. Únicamente ha sido colocada una caseta metálica en aparcamiento frente al Centro”* e a empresa nun escrito xustifica o seu incumprimento na circunstancia de que *“los precios unitarios contemplados en el proyecto de obra adjudicada a la mercantil que represento han quedado tan desfasados que es absolutamente imposible ejecutarla en las condiciones pactadas sin incurrir en pérdida, siendo ese el motivo por el que todavía no ha dado comienzo a la ejecución de la obra”*.

Previo informe conxunto da Secretaría e da Intervención do concello do 20.7.2022, a Xunta de Goberno Local acordou o 21.7.2022 desestimar a solicitude de revisión do prezo do contrato formulada pola adxudicataria o 26.5.2022

Previo informe da Secretaría do 2.11.2022, o 3.11.2022 a Xunta de Goberno Local acordou a imposición de penalidades á contratista por mor do incumprimento do prazo para a execución das obras.

O 22.2.2023 o director das obras emitiu un informe, a solicitude da Xunta de Goberno Local, no que indica que *“A día de la fecha, las obras no se han iniciado”*, e engade que, a criterio do informante, *“procede la resolución de contrato por parte de la Administración”*, invocando a concorrencia das causas previstas no artigo 211.1, letras d) e f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014 (en diante, LCSP)

Sobre a base do dito informe, o 9.3.2023 a Xunta de Goberno Local acordou iniciar o procedemento de resolución e dase audiencia ao contratista e á entidade avalista, e emitiron informe a Secretaría e a Intervención municipais

O 30.3.2023 a empresa contratista presentou alegacións, opoñéndose á resolución do contrato pretendida pola Administración, e propoñendo ao Concello a resolución do contrato por mutuo acordo..

O 29.3.2023 e o 10.4.2023 a Intervención e a Secretaría do concello emitiron sendos informes relativos á resolución do contrato administrativo e o 12.4.2023 deuse un novo trámite de audiencia á contratista e á entidade avalista; o 20.4.2023 a contratista presentou un escrito no que da por reproducidas as alegacións xa formuladas o 30.3.2023.

O 27.4.2023 a Xunta de Goberno Local ditou proposta de resolución no sentido de resolver o contrato administrativo de razón por incumprimento imputable á contratista e o enviou para solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia. Na sesión do 24.5.2023, o Consello Consultivo de Galicia, acordou devolver o expediente co fin de que se completase nos termos indicados no acordo.

Enviáase novamente o 07.7.2023 ao Consello Consultivo de Galicia e na sesión do 31.7.2023, informou desfavorablemente a resolución contractual pretendida polo Concello de Valdoviño por mor da caducidade do procedemento de resolución contractual.

O 03.8.2023 a Xunta de Goberno Local declarou a caducidade do procedemento de resolución contractual incoado o 09.03.2023 e acordou incoar un novo procedemento de resolución do contrato por causa imputable á contratista, con conservación do actuado. Foi notificado e non constan alegacións.

O 14.9.2023 a Xunta de Goberno Local ditou proposta de resolución no sentido de resolver o contrato administrativo de razón por incumprimento imputable á contratista. Na proposta tamén se sinala que no prazo conferido no trámite de audiencia á contratista e á entidade avalista non se recibe ningunha alegación.

O expediente de razón foi remitido, para preceptivo ditame deste Consello Consultivo de Galicia, polo señor alcalde do Concello de Valdoviño en data 18.9.2023.

Visto a conclusión do informe do Consello Consultivo de Galicia, recibido en data 27.09.2023 co número de rexistro de saída 169, no que consta literalmente:

...“

En conclusión, non concorre o presuposto necesario para a esixencia de ditame deste órgano consultivo, ao non existir oposición da contratista á resolución contractual pretendida polo Concello de Valdoviño.

”...

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por maioría, ACORDA:

Primeiro.- Resolver o contrato: “ Proxecto básico e de execución de obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño” adxudicado á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. por incumprimento culpable conforme o artigo 211.1.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. (*O incumprimento da obrigación principal do contrato*).

Segundo.- Solicitar informe do director de obra para a determinación dos danos e prexuízos e incautación da garantía definitiva.

Terceira.- Dar traslado da presente Resolución á empresa contratista, dirección de obra e avalista.

6º.-.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dez horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/